

‘Gustaríame ser como Ramón Lamote pero non teño tanta graza’

Paco Martín publica "Das cousas de Ramón Lamote", a nova entrega do seu bestseller dos 80.

MAR MATO / VIGO Se os libros de "Harry Potter", "Os Bolechas" ou "O neno do pixama a raias" son nesta década a sensación dos máis novos, hai un cuarto de século, o bestseller era "Cousas de Ramón Lamote", premios Barco de Vapor e Nacional de Literatura Infantil. O seu autor, Paco Martín (Lugo, 1940), conseguiu que unha obra en galego se traducise a varios idiomas e chegase a América Latina. Aqueles nenos de entón que coñeceron ao personaxe de Ramón Lamote, debuxante de soños e profesor de chairego, teñen agora a oportunidade de volver a atoparse con el, 23 anos máis vello pero igual de ocorrente, en "Das novas cousas de Ramón Lamote", editado por Galaxia.

- Por que regresa agora Ramón Lamote?

- A verdade é que non hai unha razón determinada. Non tiña moita intención de seguir porque estaba rebasado polo personaxe que pasou a ser máis importante ca o autor. Téñolle especial cariño a Lamote e pensei que podía volver e conseguín que Balboa o volveuse ilustrar.

- Como está o protagonista?

- O home segue coa mesma curiosidade e cos mesmos ollos abertos. Con toda esa súa intención de ser comprensivo.

- Non sei se Lamote se está adaptar ben á nova era dixital.

- Ten uns certos problemas coas novas tecnoloxías e algunhas cousas cústalle entendelas, pero, a el, o que lle chama a atención non é tanto as novas tecnoloxías que viu nacer, como o uso que moita xente fai delas.

- E segue a dar clases de chairego?

- Está retirado pero segue debuxando de vez en cando algúns soños preocupado pola xente que está perdendo a capacidade de soñar.

- Cando lin o primeiro libro, chamoume a atención que pedía a implicación do lector, volve facelo agora en "Das cousas de Ramón Lamote"?

- Si, unha das cousas que me interesan é que o libro desde que está nas mans do lector é del. Cada lector le un libro diferente aínda que sexa o mesmo. Por respecto ao lector necesito sentir que vai participar directamente. Eu iso non podo evitalo.

- Como se sente ao saber que varias xeracións gardan no seu corazón a Lamote?

- Eu creo que é bastante menos ca iso. Eu sei que ese libro leva 22 edicións en galego e agora vai saír outra. Moita xente o leu. Produceme satisfacción que un señor de Porto Rico me mande un e-mail ou escriba unha carta ou que unha nena de Nicaragua. Pero o que me gustou foi axudar a que a xente se divirtise lendo. Eu fíxeno porque estabamos nun momento no que a literatura galega nos estabamos poñendo en exceso transcendentais e había que dar unha miga de humor. Agora o que me apetece é que quen o leu de pequeno lle lea este novo ao seu fillo, que sirva para unirmos un pouco.

- Non se reconece no personaxe?

-Desgraciadamente non. Faría o posible por ser un vello como el pero desgraciadamente teño menos graza.